



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Este cantariño novo  
quen o soubera cantar-e,  
as nenas da miña terra  
sábena repenicar-e.

Santiago me prendeu  
Pontevedra me ceibou  
unha nena da Mariña  
foi a que m'afianzou.

/: Buenos Aires, buena tierra :/  
non volvo de Buenos Aires  
sin tomar amores nela.

Buenos Aires, terra chan  
tódalas millores mozas  
para Buenos Aires van.

Dicen que La Habana i-es  
sepultura d'españoles,  
Habana, por Dios te pido  
no me mates mis amores.

Dicen que La Habana es  
sepultura de los vivos,  
Habana, por Dios te pido  
no me mates mis amighos.

Estando de cintinela  
en la ghlorieta del diablo,  
me viñeron relevar  
cuatro soldados y un cabo.

/: Soldadito, militar-e :/  
¿Quen ha de se-la mociña  
que por ti ha de chorar-e?



Soldadito militar,  
que traes en la mochila?  
Las caracolas de un rey,  
el corazón de una niña.

Anda coxo que ch'é noite  
busca pousada con día  
os coxos da miña terra  
buscana ia mediodía.

I-eu son coxo  
eu contr'os coxos non vou  
ti es coxo, eu son coxo,  
seic'o diabro nos xuntou.

/: Carmeliña, miña irmán :/  
este teu peliño roxo  
é da color da mazán.

Décheme unha pera podre,  
unha mazán xuaneira,  
déchemas pola ventana,  
Dios cho paghe, charrusqueira.

Casadiña de tres días,  
parida de tres somanas,  
limpadora do meu trigho,  
limpalle ben as arghanas.

Casadiña de tres días,  
¿quén che lovou as cores?  
Nin casada nin solteira  
nunca chas tuven millores.

- Esas cántigas que dixos agora, diciallas o mozo á moza?
- Esas e máis moitas máis, oh.
- E a contestación da rapaza.

O paxaro de Filorio  
anda nas miñas ameixas  
come, paxariño, come,  
veremos ve-las que me deixas.

Pajaro que vas volando  
por riba dese convento,  
toma lévame esta carta  
a meu irmau que está dentro.



Triste vai mi corazón,  
triste vai non sei que tiene  
hace como el pajorillo  
que nel aire se mantiene.

Costureira non a quero,  
tecelana non ma dan  
a filla do labrador  
sabe traballa-lo pan.

Carpinteiro faim'un tallo  
que me quero sentar nel,  
se mo fas coxo dos pés  
cághom'en ti a máis nel.

Costureiriña bonita,  
dáme das túas aghullas  
que ch'hei dar un alfiler  
para prende-las costuras.

Costureiriña bonita,  
dam'un alfiler de prata,  
para quitar unha espiña  
do curazón que me mata.

Tengo de prantar un pino  
enriba de tu tellado,  
cuando el pino eche flores  
hei d'estar a tu mandado.

Teño de subir, subir-e  
al pino y al alto la rama  
para recoger la sangre  
que mi morena derrama.

Moreniña era, era  
moreniña era yo,  
tan bien era moreniña  
la madre que me parió.

/: Moreniña a mas ben :/  
tamén o trigh'é moreno  
a mai-lo pan sabe ben.



Esta miña pandeireta  
cinco rales me costou,  
pandeireta coma i-ela  
en Parada non entrou.

Teñ'unha pandeiretiña  
rodeada de botóns  
na miña vida tal vin  
ai que fato de parmóns.

Esta miña pandeireta  
era de coiro d'ovella,  
onte pacía na braña  
hoxe toca qu'arrabea.